XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MAR

Asunto: Adaptación RPT á Lei Orgánica 8/2021

En resposta ao seu escrito de data 08/10/2025 relativo á adaptación da RPT ás previsións da Lei orgánica 8/2021, comunicamos que os postos afectados dependentes da Consellería do Mar son todos os que teñen destino nos seus centros de ensino: Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol, Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira, Instituto Galego de Formación en Acuicultura e Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro de Vigo. Son un total de 165 postos.

Nos ditos centros impártese formación regrada (ciclos medios e superiores de formación profesional) e non regrada (titulacións profesionais), e entre o alumnado pode haber persoas menores de idade polo que é preciso que todo o persoal que presta servizos neles, acredite os requisitos exixidos pola Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

Unha vez revisado o listado remitido co seu escrito, informamos que recolle os 165 postos implicados (todos os dependentes dos centros de ensino) e que deben modificarse para esixir ás persoas que os ocupen a correspondente certificación negativa do "Registro Central de delincuentes sexuales".

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A secretaria xeral técnica

Marta Barreiro Castro

Asinado por: MARTA BARREIRO CASTRO
Cargo: Secretaria Xeral Técnica
Data e hora: 14/10/2025 11:32:09

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL

Consellería de Facenda e Administración Pública

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste codigo.
CVE: yJt46mke4dx4 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve